



PLAN DE FORMACIÓN **AFEDAP 2024**

CURSOS **PRESENCIAIS**

As actividades formativas incluídas nesta guía poden sufrir cambios nas súas datas, horarios e lugares de realización.

Recoméndase consultar <https://acis.sergas.gal> para obter os datos actualizados.



1. ENTREVISTA PACIENTE ANSIOSO DEPRESIVO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: médicas/os, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os especialistas en saúde mental de atención primaria e hospitalaria.

Obxectivos: coñecer as características clínicas dos principais trastornos ansiosos e depresivos. Reflexionar sobre a expresión somática dos procesos ansiosos e depresivos. Estudar os principais tratamentos farmacolóxicos da ansiedade e a depresión. Adquirir habilidades básicas de manexo nunha entrevista co paciente ansioso e depresivo. Reflexionar sobre a ideación suicida e o manexo da mesma en consulta de atención primaria. Reflexionar sobre a comorbilidade con distintas adiccións nos procesos ansiosos e depresivos. Coñecer as características diferenciais entre un duelo normal e outro patolóxico. Reflexionar sobre os criterios de derivación destas patoloxías ao Servicio de Saúde Mental.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414738	CHOP	1 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414742	CHUVI	3 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414744	FERROL	15 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414748	CHUO	22 de outubro de 2024	16:30 – 20:30

2. MANEXO DO PACIENTE AXITADO DENDE ATENCION PRIMARIA

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: médicas/os, enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria de atención primaria.

Obxectivos: coñecer as principais técnicas de desescalada verbal. Reflexionar sobre necesidade de coordinación entre todos os profesionais que traballan nos Servizos Sanitarios para a correcta abordaxe dun paciente con axitación psicomotriz. Estudar os principais tratamentos farmacolóxicos da axitación psicomotriz. Adquirir habilidades básicas de manexo dunha situación de axitación psicomotriz. Reflexionar sobre a axitación psicomotriz e o manexo da mesma nos Servizos de Saúde. Coñecer as diferentes etioloxías da axitación psicomotriz. Coñecer as características diferenciais entre a axitación de etioloxía orgánica e a axitación de etioloxía psicóxena.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414827	CHUAC	22 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414831	CHOP	29 de outubro de 2024	16:30 – 20:30



2414833	FERROL	5 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414834	CHUVI	12 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

3. ACTUACIÓN DE ENFERMERÍA NOS TRASTORNOS DA CONDUTA ALIMENTARIA NA IDADE PEDIÁTRICA

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas e técnicos/as en cuidados auxiliares de enfermaría.

Obxectivos: coñecer e comprender os trastornos da conduta alimentaria: anorexia, bulimia e outros. Aprender a realizar o manexo condutual dos pacientes pediátricos con trastornos da conducta alimentación. Aplicar as pautas para o manexo das crisis de ansiedade. Realizar os plans de cuidados dunha forma unificada según criterios científicos

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414914	CHUS	1 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414915	CHOP	8 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414916	CHUO	15 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414917	FERROL	22 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414918	CHUVI	29 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414919	CHUAC	5 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414920	LUGO	12 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

4. SAÚDE ORAL: NUTRICIÓN E DIETA

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: diestistas-nutricionistas, técnicas/os superiores en hixiene bucodental e técnicas/os superiores en dietética.

Obxectivos: Ter coñecemento das necesidades nutricionais nas diferentes etapas da vida. Identificar a repercusión da conducta alimentaria na saúde oral. Analizar a dieta, coñecer os factores carioxénicos e protectores, importancia do momento da inxesta, a frecuencia, influencia do déficit vitamínico e como afecta a saúde oral.



Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414921	CHUS	3 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414922	CHOP	10 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414923	CHUO	17 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414924	LUGO	24 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414925	CHUAC	31 de outubro de 2024	16:30 – 20:30

5. OPTIMIZACIÓN DA IMAXE E A SÚA RELACIÓN CO DIAGNÓSTICO. MINIMIZACIÓN DE DOSES E REPETICIÓNS.

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicos/as superiores en imaxe para o diagnóstico.

Obxectivos: adquirir prácticas óptimas de adquisición de imaxes e a súa correlación directa cos procesos do diagnóstico médico. Coñecer técnicas radiolóxicas e métodos de traballo que permitan tanto optimizar as doses empregadas como minimizar a repetición de probas que impliquen exposición a radiacións ionizantes. Coñecer a relación: Imaxe óptima radiolóxica-diagnóstico médico, sendo abordado en tres grandes bloques: Radioloxía de tórax e abdome, radioloxía musculoesquelética e de quirófano (arco cirúrxico) e radioloxía pediátrica.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414754	CHUS	7, 8 e 9 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414761	CHOP	14, 15 e 16 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414764	CHUO	28, 29 e 30 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414768	LUGO	4, 5 e 6 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414770	CHUAC	11, 12 e 13 de novembro de 2024	16:30 – 20:30



6. ACTUACIÓN DO PERSOAL DA CENTRAL TELEFÓNICA ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

Nº de horas: 3

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) Telefonistas. 2º) Outro persoal de xestión e servizos.

Obxectivos: Manexar situacións de emerxencia: metodoloxía, manexo de ferramentas e operativa. Actuar dentro dos plans de autoprotección vixentes. Coñecer os distintos procedementos de emerxencia nos que actualmente teñen funcións os/as telefonistas.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414774	CHUAC	21 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414775	CHOP	28 de maio de 2024	16:30 – 20:30

7. SOPORTE VITAL BÁSICO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 18

Destinatarios: todo o persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Obxectivos: coñecer e aplicar as técnicas básicas de reanimación cardiopulmonar (RCP). Mellorar o prognóstico do tratamento da parada cardiorrespiratoria (PCR). Difundir as normas e técnicas de actuación na atención ao/á paciente dentro das principais situacións. Coñecemento e manexo axeitado e con seguridade do DESA.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414936	CHUS	16 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414937	BARBANZA	18 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414938	CHOP	23 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414944	CHUVI	25 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414945	CHUVI	7 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414947	MONFORTE	14 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414949	CHUVI	6 de junio de 2024	16:30 – 20:30
2414950	CHUVI	26 de setembro de 2024	16:30 – 20:30
2414952	CHUVI	17 de outubro de 2024	16:30 – 20:30



8. SOPORTE VITAL CARDIOVASCULAR AVANZADO

Nº de horas: 35 (13,5 presenciais + 20 teleformación)

Nº de prazas: 18

Destinatarios: médicas/os, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os especialistas en saúde mental de atención primaria e hospitalaria. Resérvase un 50% das prazas para cada colectivo profesional.

Requisitos para a admisión a este curso: é preciso ter superado previamente o curso de autoformación co título "Fundamentos en soporte vital", dispoñible a partir do 1 de maio de 2024.

Requisitos para a obtención do diploma: Exame teórico tipo test (require superar o 80% das preguntas). Exame de práctica integrada: simulación dunha situación de parada cardiorrespiratoria que debe ser tratada pola/o alumna/o como director/a do equipo.

Obxectivos: coñecer o substrato teórico e adquirir as habilidades técnicas que configuran o soporte vital avanzado co fin de prever e tratar o paro cardiorrespiratorio: Recoñecer a perda de consciencia. Realizar a apertura da vía aérea. Diagnosticar unha parada cardiorrespiratoria. Realizar adecuadamente as manobras de RCP básica. Realizar o illamento da vía aérea. Manexar adecuadamente as vías venosas. Coñecer o manexo das drogas que se utilizan no tratamento da PCR. Monitorizar o paciente para recoñecer e tratar as arritmias máis frecuentes. Realizar as técnicas de desfibrilación, cardioversión e electroestimulación cardíaca transcutánea. Integrarse no equipo de tratamento da PCR como director ou como parte del.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414980	CHUVI	16, 17 e 18 de setembro de 2024	16:30 – 20:30
2414981	CHOP	23, 24 e 25 de setembro de 2024	16:30 – 20:30
2414982	CHUVI	30 de setembro e 1 e 2 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414983	LUGO	7, 8 e 9 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414984	CHUAC	14, 15 e 16 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414986	CHUS	21, 22 e 23 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414987	O BARCO DE VALDEORRAS	4, 5 e 6 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414988	CHUVI	25, 26 e 27 de novembro de 2024	16:30 – 20:30



9. REANIMACIÓN NEONATAL E PEDIÁTRICA

Nº de horas: 20

Nº de prazas: 18

Destinatarios: médicas/os, pediatras, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os especialistas en pediatría. Por orde preferente: 1º) unidades de pediatría e neonatos. 2º) Urgencias hospitalarias e PAC. 3º) Resto de unidades de atención primaria e hospitalaria.

Obxectivos: coñecer as técnicas de reanimación en Neonatos e Pediatría. Reanimación na sala de partos. Pautas de actuación en situación de parada. Estabilización e transporte. Saber ventilar un paciente co uso da máscara. Tratar a desobstrución da vía aérea. Utilizar un DESA con seguridade e eficacia e mantelo en óptimas condicións.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414726	CHUO	15, 16, 17, 18 e 19 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414729	CHUAC	6, 7, 8,9 e 10 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414725	CHUS	20, 21, 22, 23 e 24 de maio de 2024	16:30 – 20:30

10. SOPORTE VITAL E MANEXO DE PATOLOXÍAS TEMPODEPENDENTES PARA ENFERMARÍA

Nº de horas: 20 (12 presenciais + 8 de teleformación)

Nº de prazas: 18

Destinatarios: por orde preferente: 1º) enfermeiras/os de PAC, 2º) outras enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria de atención primaria. 3º) enfermeiras/os das bases do 061.

Requisitos para a admisión a este curso: é preciso ter superado previamente o curso de autoformación co título "Coidados de enfermería en urxencias vitais", dispoñible a partir do 1 de maio de 2024.

Obxectivos: Recoñecer e iniciar o tratamento temperán da parada cardiorrespiratoria e das patoloxías tempodependentes de maior prevalencia no noso medio. Adquirir competencias no manexo da parada cardiorrespiratoria en equipos liderados por enfermaría ata o retorno da circulación espontánea, o final da reanimación ou o traslado do paciente. Identificar e tratar a dor torácica de características coronarias e acelerar a atención dos pacientes con síntomas coronarios agudos. Recoñecer os signos precoces de gravidade nun paciente politraumatizado e aplicar as técnicas e coidados acordes á situación do paciente. Aprender a sintomatoloxía do ictus e aplicar o conxunto de coidados adecuado. Coñecer o manexo inicial doutras patoloxías tempodependentes (anafilaxe, sepsis).



Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414836	CHUO	27, 28 e 29 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414837	CHUAC	3, 4 e 5 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2414838	LUGO	10, 11 e 12 de xuño de 2024	16:30 – 20:30

11. XESTIÓN DE EVENTOS ADVERSOS GRAVES E COMUNICACIÓN DE MALAS NOVAS

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 20

Destinatarios: médicas/os, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental, enfermeiras/os especialistas en pediatría e matróns/as.

Obxectivos: Adquirir habilidades para o manexo de situacións nas que dar unha mala nova así como as actuacións que se deben realizar cando se produza un evento adverso grave.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414778	CHUAC	16 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414781	FERROL	18 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414784	CHUVI	23 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414786	CHOP	25 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414790	VIRXE DA XUNQUEIRA	30 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414792	CHUO	7 de maio de 2024	16:30 – 20:30

12. OBRADOIRO DE SUTURAS E CIRURXÍA MENOR

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) médicas/os, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os especialistas en pediatría de atención primaria, urxencias hospitalarias e urxencias extrahospitalarias (061). 2º) resto de médicas/os, enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas en pediatría.

Obxectivos: promover o desenvolvemento de habilidades profesionais para a



realización de suturas e cirurxía menor. Dar a coñecer os aspectos médico legais relacionados coa cirurxía menor.

Ensinar técnicas de anestesia local. Identificar o instrumental cirúrxico que se emprega nestas técnicas. Dotar de habilidades prácticas para as técnicas cirúrxicas empregadas nas suturas. Actualizar os coñecementos sobre as técnicas precisas en diferentes intervencións de cirurxía menor.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414745	CHUS	17 e 18 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414749	CHUO	24 e 25 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414756	CHOP	8 e 9 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414758	LUGO	13 e 14 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414763	CHUVI	22 e 23 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414766	CHUAC	29 e 30 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414773	CHUVI	12 e 13 de xuño de 2024	16:30 – 20:30

13. ENFERMIDADE CELÍACA: CRITERIOS DIAGNÓSTICOS ACTUAIS E SEGUIMENTO DA DIETA SEN GLUTE

Nº de horas: 6

Nº de prazas: 20

Destinatarios: médicas/os, farmacéuticas/os, dietistas-nutricionistas, enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría, técnicas/os superiores en laboratorio de diagnóstico clínico e técnicas/os superiores en Dietética.

Obxectivos: coñecer todas as presentacións clínicas posibles da enfermidade celíaca. Coñecer os marcadores serolóxicos e xenéticos dispoñibles no diagnóstico desta enfermidade así como os algoritmos diagnósticos utilizados no laboratorio e a súa interpretación en función dos valores de referencia. Coñecer as Guías Europeas ESPGHAN e o protocolo español do Ministerio de Sanidade. Coñecer a patoxénese da enfermidade e novas estratexias terapéuticas. Coñecer o diagnóstico histolóxico e en que casos se deriva a biopsia. Coñecer a dieta sen glute e o seguimento médico dela.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414795	CHOP	4 e 5 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414803	CHUO	13 e 14 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414798	CHUAC	2 e 3 de decembro de 2024	16:30 – 20:30
2414801	CHUVI	9 e 10 de decembro de 2024	16:30 – 20:30



14. TRATAMENTO ANTICOAGULANTE ORAL (TAO)

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: médicas/os, farmacéuticas/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

Obxectivos: xestionar a anticoagulación oral en pacientes para a prevención do ictus embólico en pacientes con fibrilación auricular non valvular (FANV): revisar o tratamento da fibrilación auricular non valvular. Coñecer o Informe de Posicionamento Terapéutico do Ministerio de Sanidade. Identificar cales son os preditores de risco de ictus e sangrado en pacientes con FANV. Revisar os algoritmos de decisión. Saber o papel dos novos anticoagulantes orais (NACO) na prevención do ictus. Avaliar como realizar a resposta a situacións clínicas específicas. Identificar mediante un simulador as principais arritmias cardíacas.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414805	CHUAC	17 e 18 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414806	O BARCO DE VALDEORRAS	24 e 25 de abril de 2024	16:30 – 20:30

15. ABORDAXE DO DÓ E A MORTE PERINATAL

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) obstetras, médicos/as de familia, pediatras, psicólogos/as, psiquiatras 2º) matróns/as, enfermeiros/as e enfermeiros/as especialistas. 3º) técnicos en coidado auxiliares de enfermaría e traballadores sociais.

Obxectivos: facilitar o proceso de dó profesional do equipo de saúde. Mostrar alternativas de intervención en situacións clínicas difíciles para o equipo, así como pautas de autocoidado. Procurar satisfacer as necesidades psicolóxicas da familia que perde un fillo/a. Coñecer e comprender as vivencias de perda experimentadas polos pais, nais e familiares. Promover cambios de actitude fronte a morte e o sufrimento emocional. Desenvolver habilidades para a interacción cos pais/nais que perderon un fillo/a.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414701	LUGO	15, 16 e 17 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414703	CHUAC	13, 14 e 15 de maio de 2024	16:30 – 20:30



16. MANEXO PRÁCTICO DO PACIENTE ASMÁTICO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orden preferente: 1º) enfermeiros/as e enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria de atención primaria e hospitalaria. 2º) enfermeiras/os especialistas en pediatría.

Obxectivos: diferenciar os conceptos de asma, obstrución bronquial e EPOC. Coñecer as diferenzas entre tratamento broncodilatador e antiinflamatorio, así como os seus efectos secundarios. Identificar os irritantes inespecíficos (tabaco, contaminación intradomiliaria), os alérxenos, os axentes sensibilizantes ocupacionais e drogas indutoras da asma. Coñecer e utilizar a terapia inhalatoria e a medición do fluxo expiratorio máximo (PEF). Identificar e corrixir cales son os erros máis comúns na aerosolterapia e a aplicación de nebulizacións. Evidenciar a necesidade de realizar educación para a saúde e o apoderamento do paciente na enfermidade asmática.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414953	CHUVI	9 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414954	CHUAC	23 de maio de 2024	16:30 – 20:30

17. LACTACIÓN MATERNA

Nº de horas: 20 (8 horas presenciais + 12 de teleformación)

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) enfermeiras/os, matróns/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os especialistas en pediatría. 2º) técnicos/as en coidados auxiliares de enfermaría. 3º) pediatras de atención primaria e hospitalaria e médicas/os de atención primaria 4º) dietistas-nutricionistas e técnicos de nutrición.

Obxectivos: adquirir os coñecementos para deseñar e por en marcha a actualización e formación dos profesionais na lactación materna e alimentación óptima do lactante e neno pequeno de acordo coas recomendacións da estratexia global de alimentación do lactante e o neno pequeno da OMS. Coñecer o funcionamento da lactación materna. Recoñecer as afeccións do peito e informar das compatibilidades de medicación e substancias coa lactación.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414800	CHUVI	Do 2 ao 30 de abril de 2024; sesións presenciais o 15 e o 22 de abril.	16:30 – 20:30



2414840	VIRXE DA XUNQUEIRA	Do 2 ao 30 de abril de 2024; sesións presenciais o 11 e o 25 de abril.	16:30 – 20:30
2414845	FERROL	Do 24 de outubro ao 21 de novembro de 2024; sesións presenciais o 12 e o 19 de novembro	16:30 – 20:30
2414846	CHUAC	Do 24 de outubro ao 21 de novembro de 2024; sesións presenciais o 14 e o 21 de novembro	16:30 – 20:30

18. MANEXO DA LACTACIÓN EN NEONATOS PEQUENOS, ENFERMOS E PREMATUROS

Nº de horas: 20 (8 horas presenciais + 12 de teleformación)

Nº de prazas: 22

Destinatarios: pediatras de unidades de neonatos, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en pediatría e técnicas/os en coidados auxiliares de enfermería.

Obxectivos: proporcionar a formación teórico-práctica abonda para protexer, promover e apoiar a lactación materna, así como a humanización na asistencia nas unidades neonatais.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414704	CHUO	Do 23 de setembro ao 25 de outubro; sesións presenciais o 22 e o 24 de outubro	16:30 – 20:30
2414706	CHUVI	Do 23 de setembro ao 25 de outubro; sesións presenciais o 15 e 17 de o outubro	16:30 – 20:30
2414707	CHUAC	Do 23 de setembro ao 25 de outubro; sesións presenciais o 8 e o 10 de outubro	16:30 – 20:30



19. SOPORTE RESPIRATORIO INVASIVO E NON INVASIVO

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 20

Destinatarios: por orde preferente: 1º) enfermeiras/os das unidades de críticos, urxencias, reanimación, unidades de hospitalización, PACs e ambulancias do 061. Médicas/os: dos servizos de urxencias, ambulancias do 061 e PAC 2º) resto de enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas e médicos/as.

Obxectivos: Coñecer os coidados recomendados para o mantemento do paciente en ventilación mecánica invasiva (VMI) e soporte respiratorio non invasivo (SRNI), garantindo a seguridade e a práctica baseada na evidencia. Recoñecer as indicacións para a instauración da VMI e SRNI. Coñecer a dinámica ventilatoria e as adaptacións das modalidades segundo as indicacións, así como interpretar a monitorización dos ventiladores e monitores de cabeceira. Identificar os procedementos xeradores de aerosois e as técnicas para minimizar o risco. Ser capaz de recoñecer as complicacións e aplicar os coidados preventivos correspondentes.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414843	FERROL	6, 7 e 8 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414844	CHOP	20, 21 e 22 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414848	CHUS	27, 28 e 29 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414852	BURELA	21, 22 e 23 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414851	VIRXE DA XUNQUEIRA	28, 29 e 30 outubro de 2024	16:30 – 20:30

20. ACTUALIZACIÓN EN ESTOMAS E SONDAS PARA GASTROSTOMÍA ENDOSCÓPICA PERCUTÁNEA

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 20

Destinatarios: enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e enfermeiras/os especialistas en pediatría de atención primaria e hospitalaria.

Obxectivos: actualizar os coñecementos e as habilidades nos coidados de enfermaría dos pacientes con ostomías e sondas PEG.

Estomas de alimentación: sonda para gastrostomía endoscópica percutánea (PEG). Tipos de sondas. Indicacións e técnica de colocación. Coidados de enfermaría no paciente portador da PEG. Posibles complicacións e solucións. Técnica de substitución da sonda con sistema de balón.

Estomas de eliminación. Clasificación, causas, técnicas e comportamento das ostomías dixestivas e urinarias. Implicación da enfermaría nos coidados dun paciente ostomizado: fase preoperatoria e postoperatoria. Manexo de dispositivos: dispositivos continentes,



colectores e accesorios. Complicacións dos estomas: tipos, causas e actuación da enfermaría.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414957	CHUS	29 e 30 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414958	CHUO	8 e 9 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414960	CHUVI	29 e 30 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414962	CHUAC	10 e 11 de xuño de 2024	16:30 – 20:30

21. ACTUALIZACIÓN EN COIDADOS DE ENFERMARÍA NOS DIFERENTES ACCESOS VASCULARES

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 20

Destinatarios: por orde preferente: 1º) enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e enfermeiras/os especialistas en pediatría de atención hospitalaria. 2º) Enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria de atención primaria.

Obxectivos: dar a coñecer e adestrar as/os enfermeiras/os que traballan diariamente cos diferentes accesos vasculares. Principios básicos da terapia intravenosa. Tipos de catéteres. Bacteriemia zero. Flebite zero. Traballar con *bundles*. Recomendacións xerais para o uso de catéteres intravasculares. Manexo e coidados dos PICC e MIDLINE.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414708	BARBANZA	6 e 7 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414710	O BARCO DE VALDEORRAS	27 e 28 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414711	BURELA	11 e 12 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414712	CHUAC	27 e 28 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

22. A COMUNICACIÓN TERAPÉUTICA EN PACIENTES CON TRASTORNO MENTAL GRAVE

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría de unidades de hospitalización psiquiátrica e de dispositivos comunitarios de saúde mental, terapeutas ocupacionais. 2º) Resto de enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría.



Obxectivos: comprender o significado da actitude empática e a súa dimensión condutual. Coñecer técnicas de comunicación terapéutica. Crear unha relación terapéutica co doente. Diminuír a frustración como profesionais. Aprender a motivar os doentes coa palabra.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414713	FERROL	9 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414715	CHOP	23 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414717	CHUS	30 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414718	CHUAC	4 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414719	LUGO	7 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414720	CHUVI	28 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

23. ACTUALIZACIÓN EN LACTACIÓN MATERNA

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: médicas/os, pediatras, matróns/as, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría, técnicos/as en coidados auxiliares de enfermaría de atención primaria e hospitalaria, dietistas-nutricionistas e técnicos de nutrición.

Obxectivos: Adquirir os coñecementos para deseñar e por en marcha a actualización e formación dos profesionais na lactación materna e alimentación óptima do lactante e neno pequeno de acordo coas recomendacións da estratexia global de alimentación do lactante e o neno pequeno da OMS. Coñecer o funcionamento da lactación materna. Recoñecer as afeccións do peito e informar das compatibilidades de medicación e substancias coa lactación. Coñecer disfuncións dixestivas o cólico do lactante. Cólico, estrañamento e refluxo.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414731	ACTUALIZACIÓN EN LACTACIÓN MATERNA	29 e 30 de abril de 2024	Presencial
2414732	CHUS	13 e 14 de maio de 2024	16:30 – 20:30



24. CONTROL HEMODINÁMICO DO PACIENTE CRÍTICO: MANEXO DE FÁRMACOS SIMPATICOMIMÉTICOS.

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) Enfermeiras/os e médicas/os de unidades de críticos, urxencias, 061 e PACs. 2º) resto de Enfermeiras/os e médicas/os

Obxectivos: coñecer os fármacos simpaticomiméticos empregados para o control hemodinámico do paciente crítico, os seus efectos e os cuidados que estes doentes requiren.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414956	FERROL	2 e 3 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414959	CHUS	16 e 17 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414963	LUGO	6 e 7 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414965	CHUAC	18 e 19 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

25. RETINOGRAFÍAS EN ATENCIÓN PRIMARIA

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 12

Destinatarios: enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria.

Obxectivos: Desenvolver coñecementos e habilidades na realización e intrpretación de retinografías para o cribado de retinopatía diabética e a detección precoz das principais lesións de fondo de ollo. Coñecer os estándares de calidade mínima na realización e toma de imaxes nos diferentes retinógrafos. Identificar e previr os erros técnicos máis frecuentes. Diferenciar entre imaxes normais, anormais e patolóxicas do fondo de ollo.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414807	CHUS	6 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414808	CHUVI	28 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414809	CHUVI	28 de novembro de 2024	16:30 – 20:30



26. TRABALLO CORPORAL NO EMBARAZO E POSPARTO

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 15

Destinatarios: matronas e médicas/os especialistas en obstetricia e xinecoloxía

Obxectivos: Coñecer metodoloxías para favorecer un san crecemento da unidade útero-bebé e do sistema muscular e fascial. Informar como optimizar o desenvolvemento neuromotriz do bebé no ventre materno ata o final da xestación. Favorecer a acomodación biomecánica do corpo durante o embarazo, mellorando a capacidade de albergar o bebé. Devolverlle ao corpo a súa tonicidade no período de posparto, recuperando a funcionalidade do perineo e da musculatura abdominal.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414853	LUGO	18 e 19 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

27. COIDADOS E MOBILIZACIÓN DE PACIENTES CON PRÓTESE

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: Por orde preferente: 1º) técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría e celadores. 2º) enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e enfermeiras/os especialistas en pediatría.

Obxectivos: dominar as técnicas de mobilización segundo o tipo de prótese. Coñecer os coidados pre e postoperatorio e as posibles complicacións. Adquirir coñecementos para educar sobre os autocoidados hospitalarios e no domicilio.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414964	MONFORTE	27 e 28 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414966	CHUO	7 e 8 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414967	BARBANZA	4 e 5 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414968	CHOP	13 e 14 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414969	CHUVI	20 e 21 de novembro de 2024	16:30 – 20:30



28. COIDADOS POSTURAIS AO PACIENTE ENCAMADO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicas/os en cuidados auxiliares de enfermaría e celadores de atención hospitalaria, con preferencia para as unidades de hospitalización, UCI e REA.

Obxectivos: actualizar coñecementos sobre as técnicas para mover un paciente. Coñecer os riscos dunha mobilización inadecuada e as lesións que se poden presentar. Coñecer os protocolos de mobilización e aplicar os métodos correctos en función da patoloxía de cada paciente.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414688	CHUAC	20 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414690	FERROL	30 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414691	CHUVI	31 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414692	CHUO	28 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

29. TRAQUEOSTOMÍA E DEGLUTICIÓN

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) logopedas, enfermeiras/os, fisioterapeutas e técnicas/os auxiliares de enfermaría de unidades de hospitalización. 2º) Terapeutas ocupacionais, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en saúde mental, enfermeiras/os especialistas en pediatría, fisioterapeutas e técnicas/os auxiliares de enfermaría de outras unidades.

Obxectivos: Coñecer as dificultades deglutorias asociadas á traqueostomía. Coñecer as características da deglución en pacientes con traqueostomía. Recoñecer os diferentes modelos de cánulas e as súas implicacións na deglución. Recoñecer os signos de disfaxia en persoas con traqueostomía. Aprender que é unha válvula fonatoria e nocións sobre o seu uso.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414855	CHOP	29 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414856	FERROL	21 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414858	CHUVI	7 outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414860	CHUAC	29 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414861	CHUO	21 de novembro de 2024	16:30 – 20:30



30. DETECCIÓN E COIDADOS DA DISFAXIA OROFARÍNXEA

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) enfermeiros/as, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e técnicas/os auxiliares en coidados de enfermaría, 2º) fisioterapeutas, logopedas e terapeutas ocupacionais.

Obxectivos: Adquirir os coñecementos necesarios para a detección, coidados e orientación do paciente con alteración da deglutición (disfaxia). Recoñecer os signos e síntomas da disfaxia, e aqueles pacientes en risco de padecela. Coñecer os métodos de detección da disfaxia. Establecer unha canle de comunicación para a derivación dos pacientes con alteración da deglutición. Aplicar uns coidados de calidade ao paciente disfásico garantindo a seguridade do paciente. Adestramento no uso de métodos de cribaxe na detección da disfaxia.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414694	CHUS	15 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414695	CHUO	5 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

31. DELIRIO NO PACIENTE MAIOR HOSPITALIZADO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: enfermeiras/os de unidades de hospitalización, terapeutas ocupacionais e técnicos/as en coidados auxiliares de enfermaría de unidades de hospitalización.

Obxectivos: incrementar a detección precoz e control do delirio entre todo o persoal de enfermaría de hospitalización para asegurar boas prácticas para a súa abordaxe. Coñecer métodos de actuación ante paciente con signos de delirio. Identificar factores de risco en cada paciente maior hospitalizado. Implementar accións durante o período de hospitalización que minimicen o risco de delirio a través da participación do equipo interdisciplinar, no que se inclúa ao propio paciente e a súa familia e coidador/a.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414697	FERROL	30 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414698	VERÍN	6 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414908	MONFORTE	29 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414700	CHUO	31 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414705	CHUS	4 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414709	CHOP	7 de novembro de 2024	16:30 – 20:30



2414714	CHUVI	13 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414716	CHUAC	20 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

32. ABORDAXE CONTEMPORÁNEA DO PACIENTE POSTICTUS

Nº de horas: 16

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente, 1º) fisioterapeutas e terapeutas ocupacionais de atención hospitalaria, 2º) fisioterapeutas de atención primaria.

Obxectivos: por en coñecemento dos profesionais os cambios de paradigma sobre a abordaxe práctica de pacientes con ictus en estado agudo, subagudo e crónico, sendo a prescrición de exercicio terapéutico unha ferramenta avalada pola evidencia actual. Actualizar de forma teórica e práctica as abordaxes sobre as persoas que sufriron ictus. Dotar os fisioterapeutas de coñecementos para a valoración mediante escalas validadas do estado funcional do paciente. Darlles aos profesionais ferramentas técnicas e prácticas para a prescrición de programas de exercicio terapéutico adaptándose á evolución e obxectivos do paciente.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414736	CHUVI	21, 22, 23 e 24 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414739	CHUS	18, 19, 20 e 21 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414735	LUGO	25, 26, 27 e 28 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

33. MÉTODO HIPOPRESIVO

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: fisioterapeutas.

Obxectivos: Identificar as bases científicas, técnicas e clínicas do Método Hipopresivo. Coñecer as normas fundamentais de neurociencias relativas á práctica da Ximnasia Hipopresiva. Dominar as secuencias prácticas dos exercicios hipopresivos. Manexar os exercicios de ximnasia hipopresiva de base e das súas progresións.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414854	CHOP	5 e 6 de xuño de 2024	16:30 – 20:30



34. PUNCIÓN SECA NA SÍNDROME DE DOR MIOFASCIAL

Nº de horas: 20

Nº de prazas: 20

Destinatarios: fisioterapeutas.

Obxectivos: Coñecer a dor miofascial para a valoración dos pacientes con esta síndrome e o seu tratamento a través da punción seca.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414857	CHUAC	23, 24, 25, 26 e 27 de setembro 2024	16:30 – 20:30

35. FISIOTERAPIA E PREVENCIÓN DA SARCOPENIA NO PACIENTE FRÁXIL

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: fisioterapeutas de atención primaria

Obxectivos: Reducilo número de caídas; millorar a mobilidade en xeral; manter un bo balance tanto articular coma muscular aumentando a forza e a funcionalidade. Millorar a sarcopenia.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414970	CHOP	28 de outubro de 2024	16:30 – 20:30

36. DESEÑO DE PROGRAMAS DE EXERCICIO TERAPÉUTICO NA DOR LUMBAR

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: fisioterapeutas de atención primaria e hospitalaria e médicas/os de atención primaria.

Obxectivos: Aprender a realizar o deseño de programas de exercicio terapéutico en persoas con dor lumbar non específico.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414810	CHUS	12, 13 e 14 de novembro de 2024	



37. IDENTIFICACIÓN E TRATAMENTO DE FISIOTERAPIA NA REXIÓN TÉMPORO-MANDIBULAR

Nº de horas: 12 (4 teóricas e 8 prácticas)

Nº de prazas: 18

Destinatarios: por orde preferente: 1º) fisioterapeutas de atención primaria e odontólogos, 2º) fisioterapeuta de atención hospitalaria.

Obxectivos: adquirir coñecementos básicos sobre anatomía, fisioloxía e patoloxía da rexión témporo-mandibular e o tratamento das persoas con dor e disfuncións na cabeza, cara e zona cervical. Integrar na práctica clínica habitual a valoración e tratamento desa rexión.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414733	CHUAC	11, 12 e 13 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2414737	CHUVI	8, 9 e 10 de outubro de 2024	16:30 – 20:30

38. EXERCICIO TERAPÉUTICO FUNCIONAL E DOR.

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: terapeutas ocupacionais e fisioterapeutas.

Obxectivos: adquirir ferramentas para entender os signos e síntomas dos pacientes tras unha lesión central, desde a UCI ata que o paciente está estabilizado. Adaptar a prescrición de Exercicio Terapéutico á individualidade de cada caso, tendo en conta o estado funcional do paciente nese momento. Priorizar a intervención naquelas áreas que condicionen máis a capacidade do paciente de adaptarse á súa contorna. Contextualizar os conceptos clásicos de intervención en Neurorehabilitación no marco da prescrición de Exercicio Terapéutico, desde unha visión funcional e sistémica. Realizar unha valoración que estableza un marco conceptual ás alteracións de movemento e o seu impacto na participación do paciente. Desenvolver habilidades na diferenciación das síndromes dolorosas, realizar unha anamnesis adecuada que inclúa ou descarte o compoñente neuropático, o que determinará a intervención en cada caso. Recoñecer a dor crónica complexo e os conceptos de sensibilización central, desafrentación e desinhibición, así como dos perfís somatosensoriales como ferramenta de valoración e reevaluación.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414746	CHUO	18, 19 e 20 de novembro de 2024	16:30 – 20:30



39. REVISIÓN ACTUALIZADA DO SISTEMÁTICO E SEDIMENTO DE OURIÑOS

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente, 1º) técnicos superiores de Laboratorio Clínico e Biomédico. 2º) técnicos en coidados auxiliares de enfermaría que realizan funcións de técnico de laboratorio.

Obxectivos: Actualizar os coñecementos do sistemático e sedimento de ouriños, a súa interferencia coa observación ao microscopio e mellora desta con algoritmos no protocolo.

Coñecer a distinción das distintas patoloxías. Interpretar o sistemático/sedimento de alteracións hepáticas, endócrinas e renais.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414868	CHOP	29 e 30 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414870	CHUS	25 e 26 de setembro de 2024	16:30 – 20:30

40. INTRODUCCIÓN ÁS TÉCNICAS DE BIOLOXÍA MOLECULAR APLICADA EN ANATOMÍA PATOLÓXICA

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicas/os superiores en Anatomía Patolóxica e Citoloxía.

Obxectivos: comprender a estrutura e as funcións dos ácidos nucleicos e das proteínas. Coñecer os fundamentos da replicación, tradución e transmisión dos xenos e a súa aplicación no diagnóstico molecular. Interpretar os resultados dos estudos xenéticos para o diagnóstico das enfermidades hereditarias (extracción e amplificación de ADN e ARN de sangue ou mostra biolóxica, análise cromosómica, secuenciación Sanger, PCR-RFLP ...). Interpretar os estudos de expresión de xenos e proteínas para o diagnóstico molecular ou a investigación clínica (RT-PCR, Western Blot...).

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414873	LUGO	29 e 30 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414875	CHUS	30 e 31 de outubro de 2024	16:30 – 20:30



41. ENFERMIDADES AUTOINMUNES. ABORDAXE DENDE O LABORATORIO CLÍNICO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicas/os superiores en Laboratorio de Diagnóstico Clínico.

Obxectivos: Coñecer a clasificación e a nomenclatura das enfermidades autoinmunes sistémicas (EAIS) e especificar as súas implicacións clínicas. Adquirir os coñecementos necesarios para o manexo de autoanticorpos circulantes e parámetros serolóxicos de laboratorio no diagnóstico e seguimento das EAIS. Obter habilidades para recoñecer e diferenciar os distintos patróns de inmunofluorescencia por microscopio no diagnóstico de EAIS.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414767	CHUAC	30 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414772	LUGO	7 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414776	FERROL	29 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414779	CHOP	2 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414794	CHUS	11 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414796	CHUVI	19 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414799	CHUO	27 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

42. ACTUALIZACIÓN NA PARASITOLOXÍA

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicas/os superiores en laboratorio de diagnóstico clínico. Por orde preferente: 1º) laboratorios de Microbioloxía. 2º) resto de laboratorios.

Obxectivos: coñecer o papel que levan a cabo os parasitos intestinais como axentes patóxenos. Coñecer cales son os ciclos de transmisión destes axentes patóxenos. Adquirir ou actualizar coñecementos sobre as características xerais dos parasitos susceptibles de colonizar o corpo humano. Coñecer cales son as mostras adecuadas e os seus medios de transporte para a correcta visualización das formas parasitarias. Saber visualizar no microscopio as formas parasitarias máis comúns colonizadoras do aparello dixestivo e xenitais así como do torrente sanguíneo: *Ascaris lumbricoides*, *Giardia lamblia*, *Trichomonas spp* etc.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414741	CHUS	24 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414743	CHUVI	14 de novembro de 2024	16:30 – 20:30



43. ESTUDO DO SEME: SEMINOGRAMA BÁSICO, POSVASECTOMÍA E EXAME EN FRESCO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicas/os superiores de laboratorio de diagnóstico clínico.

Obxectivos: actualizar os coñecementos do estudo do seme coa nova edición do manual da OMS. Cambio nos valores e como interpretalos. Mellorar a eficiencia nas peticións, coñecendo unha ferramenta básica, denominada paciente con selo que permite aforrar consultas e un mellor control de calidade.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414835	CHUS	7 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414842	CHUAC	23 de outubro de 2024	16:30 – 20:30

44. IMPACTO DA LEI 8/2021 POLA QUE SE REFORMA A LEXISLACIÓN CIVIL E PROCESUAL PARA O APOIO ÁS PERSOAS CON DEPENDENCIA

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: psiquiatras, psicólogas/os clínicas/os e traballadoras/es sociais.

Obxectivos: coñecer a orixe, espírito e reforma da Lei 8/2021, do 2 de xuño, e a súa incidencia na atención a estas persoas nos equipamentos sociosanitarios.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414847	CHUS	21, 22 e 23 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414849	CHUS	25, 26 e 27 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

45. INTRODUCCIÓN Á ELABORACIÓN E CONTROL DA CALIDADE DAS PREPARACIÓNS FARMACÉUTICAS

Nº de horas: 16

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicos de farmacia.

Obxectivos: coñecer a lexislación sobre a elaboración e control da calidade das preparacóns farmacéuticas e a participación dos/as técnicos/as neste ámbito de



traballo. Relacionar a seguridade do paciente coa xestión da calidade. Relacionar a seguridade do traballador/a coa prevención de riscos. Coñecer as operacións galénicas para a elaboración de preparacións farmacéuticas non estériles elaboradas no laboratorio de Farmacia Hospitalaria. Iniciar os profesionais na realización de operacións galénicas.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414811	CHUAC	27, 28, 29 e 30 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414812	CHUS	4, 5, 6 e 7 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

46. USO SEGURO DO MEDICAMENTO E ATENCIÓN AO PACIENTE NA FARMACIA

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 20

Destinatarios: técnicos/as de farmacia.

Obxectivos: proporcionar formación aos técnicos/as de farmacia sobre as súas funcións e competencias nos servizos de farmacia hospitalarios dentro do marco legislativo actual, con un enfoque centrado na seguridade no uso seguro do medicamento e a mellora da atención do paciente da consulta externa de Farmacia.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414862	CHUO	13, 14 e 15 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414864	LUGO	20, 21 e 22 de maio de 2024	16:30 – 20:30

47. HABILIDADES DE COMUNICACIÓN COS PACIENTES E FAMILIARES

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: todo o persoal sanitario e traballadores/as sociais.

Obxectivos: coñecer como nos comunicamos a través da reflexión e mediante exercicios. Desenvolver o concepto de «comunicación interna» para posteriormente traballar na comunicación efectiva ou empática cos demais. Incrementar a capacidade comunicativa do persoal tanto no trato co usuario como co compañeiro. Desenvolver a capacidade para identificar e xestionar con eficacia os nosos estados emocionais co fin de levar a cabo comunicacións efectivas con usuarios e compañeiros. Dominar ferramentas de valor nas temáticas relacionadas coa capacidade comunicativa, social e emocional que permitan facilitar o día a día. Coñecer e desenvolver as fortalezas e trazos positivos do carácter. Coñecer recursos para favorecer o benestar e mellorar as relacións persoais.



Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414750	FERROL	8, 9 e 10 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414751	CHOP	13, 14 e 15 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414753	CHUVI	17, 18 e 19 de xuño de 2024	16:30 – 20:30

48. SITUACIÓNS DE EMERXENCIA PROVOCADAS POR DOENTES CON CONDUTAS VIOLENTAS

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) médicas/os, enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiras/os especialistas en pediatría, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e técnicas/os en coidados auxiliares de enfermaría e celadores de atención hospitalaria de urxencias e psiquiatría e de atención primaria. Persoal de servizos xerais de atención primaria. 2º) resto de persoal sanitario e celadores de atención hospitalaria.

Obxectivos: coñecer as ferramentas de actuación en diversas situacións que supoñen un risco, tanto para os profesionais como para os propios pacientes, cando sofren un episodio violento. Previr lesións ao propio paciente (autolesións, caídas accidentais...). Previr lesións a outras persoas (outros enfermos ou persoal sanitario). Evitar disrupcións graves do programa terapéutico do propio paciente ou outros enfermos (arranque de vías, sondas, outros sistemas de soporte vital...). Evitar danos físicos significativos na contorna sanitaria.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414895	CHUS	1 e 2 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414896	CHOP	8 e 9 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414898	FERROL	15 e 16 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414900	CHUVI	29 e 30 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414902	CHUAC	17 e 18 de xuño de 2024	16:30 – 20:30



49. AFRONTAMENTO DE CONDUTAS DESAFIANTES. MANEXO DA SITUACIÓN

Nº de horas: 16

Nº de prazas: 20

Destinatarios: Por orde preferente: 1º.- Persoal de atención primaria e dos servizos de urxencias hospitalarias, cita previa, consultas externas, atención ao doente e admisión, psiquiatría e hospitalización a domicilio. 2º.- Persoal de atención hospitalaria.

Obxectivos: Coñecer as ferramentas de actuación en diversas situacións que supoñen un risco, tanto para os profesionais como para os pacientes, cando sofren un episodio violento. Previr lesións ao propio paciente (autolesións, caídas accidentais, etc.), previr lesións a outras persoas (outros doentes ou persoal sanitario). Evitar interrupcións bruscas do programa terapéutico do propio paciente ou doutros doentes (arranque de vías, sondas, outros sistemas de soporte vital, etc.). Coñecer os mecanismos e técnicas de autocontrol ante agresións físicas. Manexar técnicas de inmovilización pausado e control do agresor.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414813	CHUVI	8, 9, 10 e 11 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414814	VERÍN	20, 21, 22 e 23 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414815	FERROL	25, 26, 27 e 28 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

50. ATENCIÓN PLENA NO CONTORNO SANITARIO (MINDFULNESS)

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Obxectivos: tomar conciencia das fontes de estrés que alimentamos inconscientemente. Adestrar a atención plena para reducir os niveis de estrés e aumentar o benestar, rendemento e resultados. Mellorar capacidades como o autocontrol, adaptabilidade, resiliencia, concentración ou a toma de decisións. Gozar da posibilidade de integrar a práctica con naturalidade e a medida no día a día.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414824	CHUO	8, 9 e 10 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414826	LUGO	22, 23 e 24 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414829	VERÍN	13, 14 e 15 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414830	CHUVI	9, 10 e 11 de setembro de 2024	16:30 – 20:30
2414828	VIRXE DA XUNQUEIRA	25, 26 e 27 de novembro de 2024	16:30 – 20:30



51. SEGURIDADE E OPERACIÓN NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) electricistas, 2º) técnicas/os de prevención de riscos laborais, persoal de mantemento e persoal de oficios.

Obxectivos: actualizar coñecementos sobre instalacións eléctricas: alta tensión, bloqueo e sinalización, verificacións de ausencia de tensión, postas a terra, centros de transformación, normativa industrial...

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414907	CHUAC	8, 9 e 10 de abril de 2024	16:30 – 20:30

52. PREVENCIÓN DA LEXIONELA E CONTROL DA CALIDADE DA AUGA EN EDIFICIOS SANITARIOS

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) enxeñeiras/os, fontaneiros, calefactores. 2º) resto persoal de mantemento, persoal de oficios e PSX.

Obxectivos: actualizar coñecementos sobre a prevención de lexionela e control da calidade de auga en edificios hospitalarios.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414755	CHUS	8, 9 e 10 de abril de 2024	16:30 – 20:30

53. OPERACIÓNS NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS E NAS PROXIMIDADES DOS CENTROS SANITARIOS

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) electricistas. 2º) resto de persoal de mantemento.

Obxectivos: Coñecer as actuacións dos profesionais de mantemento nas zonas de perigo ou zonas próximas de traballo en tensión. Diferenciar zonas de proximidade e traballo en proximidade. Como actuar nas manobras de traballo (cambio do estado eléctrico dunha instalación). Informar das técnicas e métodos para asegurar a prevención dunha posible realimentación. Medicións, ensaios e verificacións das actividades concibidas para comprobar as especificacións técnicas da instalacións eléctricas, comprobar o seu estado eléctrico, mecánico ou térmico, eficacia das proteccións, circuitos de seguridade e manobras específicas.



Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414909	LUGO	4 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414911	MONFORTE	11 de abril de 2024	16:30 – 20:30

54. CÓDIGO DE PRÁCTICAS SOBRE A XESTIÓN DE ALÉRXENOS ALIMENTARIOS

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: cociñeiras/os, pinches de cociña, técnicos en dietética, gobernantas/es e postos asimilados

Obxectivos: Coñecer o control de alérxenos a través da información das alerxias alimentarias, rastrexabilidade dos alimentos e boas prácticas de manipulación. Actualización do código de boas prácticas de acordo a norma internacional CSC802020.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414757	CHUS	3 e 4 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414759	FERROL	22 e 23 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414760	CHUAC	19 e 20 de xuño de 2024	16:30 – 20:30

55. CULTURA DE SEGURIDADE ALIMENTARIA NOS SERVIZOS DE ALIMENTACIÓN DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: pinches de cociña, cociñeiras/os, técnicos en dietética, gobernantas/es e postos asimilados

Obxectivos: Adestramento e posta na práctica da cultura da seguridade alimentaria do persoal involucrado no acondicionamento e servizo de alimentos atendendo ao Regulamento 852/2004 e actualizacións. Coñecer a nova normativa mediante aplicación práctica de obradoiros grupais de como actuar de acordo á seguridade e hixiene alimentaria.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414859	CHUS	22 e 23 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414863	CHOP	6 e 7 de maio de 2024	16:30 – 20:30



2414867	FERROL	13 e 14 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414869	LUGO	27 e 28 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414871	CHUO	3 e 4 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2414872	MONFORTE	10 e 11 de xuño de 2024	16:30 – 20:30

56. PROCEDEMENTOS HIXIÉNICOS NO TRATAMENTO DA ROUPA HOSPITALARIA

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: lavadeiras/os, costureiras/os, pasadoras/es de ferro, gobernantas/es e postos asimilados.

Obxectivos: Coñecer os procedementos correctos na manipulación de roupa hospitalaria. Coñecer os procedementos administrativos e de comunicación interna na lavandaría.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414765	CHUS	4 e 5 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2414769	CHOP	11 e 12 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2414771	CHUAC	17 e 18 de setembro de 2024	16:30 – 20:30

57. MANTEMENTO HIXIÉNICO-SANITARIO DAS INSTALACIÓNS SUSCEPTIBLES DE PROPAGAR A LEXIONELOSE

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) Enxeñeiros, fontaneiros, xefes de equipo calefactores e condutores de instalacións. 2º) Outro persoal de mantemento.

Obxectivos: saber levar a cabo operacións de mantemento hixiénico-sanitario en instalacións que empreguen auga no seu funcionamento, xeren aerosois e estean situadas tanto no interior como no exterior de edificios de uso colectivo, instalacións industriais ou medios de transporte que poidan ser propensos a converterse en focos de propagación da lexionelose durante a súa operación, probas de servizo ou mantemento.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414777	CHOP	16, 17 e 18 de setembro de 2024	16:30 – 20:30



58. INTELIXENCIA EMOCIONAL: CONECTANDO CEREBRO E CORAZÓN

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Obxectivos: comprender os beneficios da intelixencia emocional. Adestrar coas estratexias de desenvolvemento persoal. Afondar no autoconhecimento da xestión das emocións. Adquirir ferramentas e recursos para conectar cos demais.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414912	CHUVI	3 e 4 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414927	CHUVI	17 e 18 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414928	BURELA	24 e 25 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414929	O BARCO DE VALDEORRAS	8 e 9 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414930	CHUO	22 e 23 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414932	VERÍN	29 e 30 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414926	H. VIRXE DA XUNQUEIRA	6 e 7 de novembro de 2024	16:30 – 20:30

59. XESTIÓN DO TEMPO

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 20

Destinatarios: todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Obxectivos: como desaprender para aprender novos hábitos. Saber diferenciar as tarefas urxentes das tarefas importantes. Recomendacións para unha disciplina persoal. Manexar o tempo e distinguir os conceptos planificación e organización. Saber organizar unha axenda a través da matriz de prioridades. Coñecer as causas da mala xestión do tempo.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414865	CHOP	1 e 2 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414866	VIRXE DA XUNQUEIRA	27 e 28 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414874	CHUVI	20 e 21 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414876	CHUVI	3 e 4 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2414878	BURELA	11 e 12 de xuño de 2024	16:30 – 20:30



60. HABILIDADES DE COMUNICACIÓN PARA PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: todo o persoal de xestión e servizos do Servizo Galego de Saúde.

Obxectivos: coñecer como nos comunicamos a través da reflexión e mediante exercicios. Desenvolver o concepto de «comunicación interna» para posteriormente traballar na comunicación efectiva ou empática cos demais. Incrementar a capacidade comunicativa do persoal tanto no trato co usuario, como co compañeiro. Desenvolver a capacidade para identificar e xestionar con eficacia os nosos estados emocionais co fin de levar a cabo comunicacións efectivas con usuarios e compañeiros. Dominar ferramentas de valor nas temáticas relacionadas coa capacidade comunicativa, social e emocional que permitan facilitar o día a día. Coñecer e desenvolver as fortalezas e trazos positivos do carácter. Coñecer recursos para favorecer o benestar e mellorar as relacións persoais.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414899	CHUVI	24, 25 e 26 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2414901	CHUVI	23, 24 e 25 de setembro de 2024	16:30 – 20:30
2414903	LUGO	30 de setembro e 1 e 2 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414905	BURELA	7, 8 e 9 de outubro de 2024	16:30 – 20:30

61. ACTUACIÓNS E PAUTAS NA COMUNICACIÓN TELEFÓNICA ENTRE A CIDADANÍA E AS INSTITUCIÓNS SANITARIAS.

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) telefonistas, 2º) persoal de xestión e servizos de atención primaria 3º) persoal da función administrativa de atención hospitalaria.

Obxectivos: mellora da interacción entre a cidadanía e as institucións sanitarias a través da comunicación telefónica. Coñecer os aspectos na mellora da calidade na comunicación telefónica: pautas de como actuar, empatía na información. Informar de métodos axeitados: exemplo de procesos asistenciais específicos, necesidades do paciente, derivacións a outras institucións...

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414780	FERROL	4 de abril de 2024	16:30 – 20:30



2414782	CHUS	11 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414783	CHOP	18 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414785	FERROL	2 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414788	CHUO	30 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414789	CHUVI	20 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2414791	LUGO	17 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414793	CHUAC	24 de outubro de 2024	16:30 – 20:30

62. COACHING DE EQUIPOS COMO FERRAMENTA PARA TITORES DE RESIDENTES

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) xefas/es de estudos e 2º) titores/as de formación sanitaria especializada

Obxectivos: Empregar as ferramentas do *coaching* para un mellor desenvolvemento do traballo cos equipos. Mellorar as habilidades de liderado dos/as titores/as. Identificar as ferramentas para a mellora da organización e da xestión de tempo dos equipos. Que os/as titores/as sexan capaces de elaborar un Plan de acción para acadar os obxectivos desexados.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414816	CHUS	18 e 19 de setembro de 2024	16:30 – 20:30
2414817	FERROL	25 e 26 de setembro de 2024	16:30 – 20:30
2414818	CHUAC	2 e 3 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414819	CHOP	23 e 24 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414820	LUGO	30 e 31 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414821	CHUO	6 e 7 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414822	CHUVI	11 e 12 de decembro de 2024	16:30 – 20:30



63. CLAVES PARA CONSEGUIR REUNIÓN S EFICACES E PRODUCTIVAS

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: por orde preferente: 1º) xefas/es de estudos, 2º) titores/as de formación sanitaria especializada e 3º) resto de profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Obxectivos: Coñecer as claves da planificación e organización de reunións produtivas e as condicións de éxito, Identificar os perfís comunicativos así como os roles dos/as asistentes, aprendendo a como superar os obstáculos para acadar unha comunicación efectiva. Coñecer as fases para a dirección de reunións. Aplicar técnicas de las metodoloxías *¿áxiles¿* de reunións.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414995	FERROL	11 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414996	CHUAC	25 de abril de 2024	16:30 – 20:30
2414997	CHUS	2 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414998	LUGO	9 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414999	CHUO	6 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2415000	CHOP	13 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2415001	CHUVI	27 de xuño de 2024	16:30 – 20:30

64. HUMANIZACIÓN, TRANSFERENCIA E HIXIENE POSTURAL EN PACIENTES HOSPITALIZADOS

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicas/os en coidados de enfermaría e celadores de atención hospitalaria.

Obxectivos: actualizar os coñecementos nas técnicas de mobilización segundo a última evidencia científica. Entender o impacto físico e emocional que ten sobre o paciente a correcta mobilización. Realizar con corrección as técnicas de mobilización e transferencia.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414880	LUGO	23 e 24 de setembro de 2024	16:30 – 20:30



2414882	FERROL	7 e 8 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414883	MONFORTE	14 de 15 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414886	VIRXE DA XUNQUEIRA	21 e 22 de outubro de 2024	16:30 – 20:30
2414887	CHOP	18 e 19 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414888	CHUS	25 e 26 de novembro de 2024	16:30 – 20:30
2414889	CHUVI	2 e 3 de decembro de 2024	16:30 – 20:30

65. MOBILIZACIÓN DO PACIENTE DEPENDENTE

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicas/os en coidados de enfermaría e celadores de atención hospitalaria.

Obxectivos: coñecer as posibilidades de colocación nas distintas posicións segundo o grado de mobilidade. Aprender técnicas de mobilización que eviten esforzos, sobreesforzos e lesións innecesarias. Aplicar un programa de autocuidado baseado no exercicio e a relaxación.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414890	O BARCO DE VALDEORRAS	13 e 14 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414891	VIRXE DA XUNQUEIRA	20 e 21 de maio de 2024	16:30 – 20:30
2414892	CHUS	10 e 11 de xuño de 2024	16:30 – 20:30
2414893	CHOP	17 e 18 de xuño de 2024	16:30 – 20:30



66. CUIDADOS DAS OSTOMÍAS DIXESTIVAS NO POSTOPERATORIO INMEDIATO

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: enfermeiras/os das unidades de cirurxía xeral e/ou dixestiva.

Obxectivos: comprender a anatomía e fisioloxía do aparello dixestivo. Identificar patoloxías relacionadas coas ostomías dixestivas. Aplicar técnicas cirúrxicas en colon e recto. Clasificar as ostomías dixestivas segundo a súa tipoloxía. Realizar a ubicación e marcaxe axeitadas do estoma. Implementar cuidados de enfermaría en pacientes con ostomías dixestivas. Recoñecer complicacións precoces no manexo de ostomías dixestivas. Seleccionar os tipos de dispositivos axeitados no postoperatorio inmediato.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414797	CHUAC	17 de outubro de 2024	16:30 – 20:30

67. A CODIFICACIÓN CIE-10: VALVULOPATÍAS CARDÍACAS

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicas/os superiores en documentación sanitaria.

Obxectivos: Establecer criterios comúns a nivel de codificación clínica. Dominar a codificación de episodios asistenciais con CIE-10-ES de diagnósticos sobre valvulopatías cardíacas. Establecer unha guía para a codificación clínica con CIE-10-ES de diagnósticos sobre valvulopatías cardíacas. Dominar a codificación de episodios asistenciais con CIE-10-ES de procedementos cardiolóxicos de Cirurxía Cardiovascular e Hemodinámica en pacientes con valvulopatías cardíacas. Establecer unha guía para a codificación clínica con CIE-10-ES de de procedementos cardiolóxicos de Cirurxía Cardiovascular e Hemodinámica en pacientes con valvulopatías cardíacas.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414802	TELEPRESENZA	7 e 8 de outubro de 2024	17:00 – 20:00



68. A CODIFICACIÓN CIE-10: ARRITMIAS

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 22

Destinatarios: técnicas/os superiores en documentación sanitaria.

Obxectivos: Establecer criterios comúns a nivel de codificación clínica. Dominar a codificación de episodios asistenciais con CIE-10-ES de diagnósticos sobre arritmias. Establecer unha guía para a codificación clínica con CIE-10-ES de diagnósticos sobre arritmias. Dominar a codificación de episodios asistenciais con CIE-10-ES de procedementos cardiolóxicos de Cirurxía Cardiovascular e Hemodinámica en pacientes con arritmias. Resolver as dúbidas existentes. Establecer unha guía para a codificación clínica con CIE-10-ES de de procedementos cardiolóxicos de Cirurxía Cardiovascular e Hemodinámica en pacientes con arritmias.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414804	TELEPRESENZA	4, 5 e 6 de novembro de 2024	17:00 – 20:00

69. ELABORACIÓN DO COMENTARIO DE ENFERMARÍA

Nº de horas: 8

Nº de prazas: 22

Destinatarios: enfermeiras/os, enfermeiras/os especialistas en saúde mental, enfermeiras/os especialistas en pediatría e técnicas/os en cuidados auxiliares de enfermaría de unidades de hospitalización. Resérvase un 50 % das prazas para cada colectivo profesional.

Obxectivos: Actualización sobre a redacción dos comentarios evolutivos do proceso clínico dos pacientes hospitalizados por parte do equipo de enfermaría, como unha tarefa máis da calidade asistencial que se presta. Dar a coñecer as incorreccións que se converteron en habituais na redacción dos comentarios de enfermaría. Proporcionar ferramentas argumentativas para a erradicación destas incorreccións, baseadas no marco ético-legal e con criterios de calidade. Instruír no uso da técnica de redacción: datos-accións-resultados (DAR) para a elaboración de comentarios de enfermaría eficientes e operativos.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
2414884	TELEPRESENZA	13 e 14 de maio de 2024	16:30 – 19:30



PLAN DE FORMACIÓN **AFEDAP 2024**

CURSOS DE **SIMULACIÓN**



70. ADESTRAMENTO NO MANEXO DE URXENCIAS HOSPITALARIAS PEDIÁTRICAS PREVALENTES

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 16

Destinatarios: por orde preferente: 1º) pediatras, enfermeiras/os especialistas en pediatría e enfermeiras/os de urxencias pediátricas hospitalarias. 2º) pediatras, enfermeiras/os especialistas en pediatría e enfermeiras/os pediátricas/os de hospitalización, médicas/os e enfermeiras/os dos servizos de urxencias dos hospitais comarcais. 3º) outras/os médicas/os, enfermeiras/os e enfermeiras/os especialistas en pediatría. Reservarase o 50 % das prazas para cada categoría

Obxectivos: dominar os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para o desenvolvemento da actividade laboral cotiá en relación co manexo avanzado do paciente pediátrico grave, usando para iso técnicas de simulación integral nun paciente robotizado ambientado en escenarios acordes ao seu centro de traballo, ademais de obradoiros de técnicas realizadas de forma específica e independente con obxectivos adaptados ao destinatario.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
	Aula de simulación do CHUAC	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHUF	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación da ACIS	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do HULA	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHOP	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHUO	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación del CHUVI	Pendientes	16:30 a 20:30



71. ADESTRAMENTO NO MANEXO DE URXENCIAS EN PLANTA DE HOSPITALIZACIÓN

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 16

Destinatarios: médicas/os, enfermeiras/os especialistas en pediatría, enfermeiras/os especialistas en saúde mental e enfermeiras/os de plantas de hospitalización.

Reservarase un 50 % das prazas para cada categoría

Obxectivos: capacitar o persoal sanitario de plantas de hospitalización para recoñecer e estabilizar inicialmente o paciente crítico.

1. Recoñecer a gravidade.
2. Recoñecer a insuficiencia respiratoria e realizar a estabilización inicial
3. Recoñecer o choque e realizar a estabilización inicial
4. Recoñecer a perda de conciencia e o seu manexo inicial
5. Traballar de forma coordinada co equipo asistencial e o resto de servizos hospitalarios
6. Potenciar a toma de decisións con seguridade para o paciente.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
	Aula de simulación do CHUAC	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHUF	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación da ACIS	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do HULA	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHOP	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHUO	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación del CHUVI	Pendientes	16:30 a 20:30



72. ADESTRAMENTO NO MANEXO DE URXENCIAS PREHOSPITALARIAS PREVALENTES

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 16

Destinatarios: por orde preferente: 1º) médicas/os e enfermeiras/os de PAC. 2º) médicas/os, enfermeiras/os especialistas en enfermaría familiar e comunitaria e enfermeiras/os de atención primaria e das bases do 061. Reservarase un 50 % das prazas para cada categoría.

Obxectivos:.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
	Aula de simulación do CHUAC	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHUF	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación da ACIS	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do HULA	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHOP	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHUO	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación del CHUVI	Pendientes	16:30 a 20:30



73. ADESTRAMENTO NO MANEXO DAS SITUACIÓNS CRÍTICAS EN URXENCIAS HOSPITALARIAS

Nº de horas: 12

Nº de prazas: 16

Destinatarios: por orde preferente: 1º) médicas/os e enfermeiras/os de urxencias hospitalarias. 2º) médicas/os e enfermeiras/os de PAC e das bases do 061. Reservarase un 50 % das prazas para cada categoría.

Obxectivos: capacitar o persoal sanitario de urxencias hospitalarias para o recoñecemento e a estabilización inicial do paciente crítico.

1. Recoñecer a gravidade.
2. Recoñecer a insuficiencia respiratoria e realizar a estabilización inicial.
3. Manexar adecuadamente a ventilación con presión positiva.
4. Recoñecer o choque e realizar a estabilización inicial.
5. Manexar adecuadamente os dispositivos de acceso intravenoso e a fluidoterapia intravenosa.
6. Recoñecer a perda de conciencia e o seu manexo inicial.
7. Traballar de forma coordinada e segura co equipo asistencial e o resto de servizos hospitalarios
8. Potenciar a toma de decisións con seguridade para o paciente

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
	Aula de simulación do CHUAC	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHUF	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación da ACIS	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do HULA	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHOP	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación do CHUO	Pendientes	16:30 a 20:30
	Aula de simulación del CHUVI	Pendientes	16:30 a 20:30



74. OBRADOIRO DE CRICOTIROIDOTOMÍA CIRÚRXICA

Nº de horas: 4

Nº de prazas: 22

Destinatarios: médicas/os.

Obxectivos: Dominar a anatomía larínxea, fundamental para a realización detallada de técnicas invasivas sobre a vía aérea. Coñecer e aplicar a técnica de cricotiroidomía cirúrxica e con agulla, técnicas fundamentais para resolver determinadas situacións críticas para o paciente. Adestrar a técnica para aumentar a seguridade e a eficacia na situación non intubable - non ventilable. Aplicar as técnicas e os algoritmos de manexo de vía aérea para aumentar a seguridade dos pacientes segundo as últimas guías e evidencias.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
	Por definir	Pendientes	16:30 a 20:30
	Por definir	Pendientes	16:30 a 20:30
	Por definir	Pendientes	16:30 a 20:30

75. REDCASA

Nº de horas: 5

Nº de prazas: 22

Destinatarios: médicas/os e enfermeiras/os de PACs.

Obxectivos: Entrenar equipos asistenciais que traballan conxuntamente, con desenvolvemento en entornos de urxencias prehospitalarias de complexidade media e alta na toma de decisións na patoloxía tempo dependente, con especial énfase nos diferentes códigos asistenciais e a transferencia efectiva do paciente ós seguintes niveis asistenciais.

Código	Lugar de impartición	Datas	Horario
	A Coruña	Pendientes	16:30 a 20:30
	Ferrol	Pendientes	16:30 a 20:30
	Ourense	Pendientes	16:30 a 20:30
	Pontevedra	Pendientes	16:30 a 20:30
	Vigo	Pendientes	16:30 a 20:30